

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

CORRECCIÓN de erros. Resolución do 25 de novembro de 2013 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a contratación de xestores Igapex de internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2014 en réxime de concorrencia non competitiva.

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 229, do 29 de novembro de 2013, cómpre facer a seguinte corrección:

– Na páxina 46317, na letra c) do artigo 19.3, onde di:

«c) No caso de incumprimento doutras condicións, o seu alcance será determinado en función do grao e entidade da condición incumprida. Para tal efecto, o Igape poderá desenvolver mediante unha instrución do director xeral os criterios de gradación para determinar o alcance da obriga de reintegro».

Debe dicir:

«c) No caso de incumprimento doutras condicións, o seu alcance será determinado en función do grao e entidade da condición incumprida. Para tal efecto, o Igape poderá desenvolver mediante resolución do director xeral, ditada por delegación do Consello de Dirección e publicada no DOG, os criterios de gradación para determinar o alcance da obriga de reintegro».

